

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO (ACTUALMENTE CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES) E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNED NOS ARQUIVOS E MUSEOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES .

REÚNENSE:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 maio, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra parte, D.ª Rebeca de Juan Díaz, en calidade de Vicerreitora de Calidade e Acreditación da Universidade Nacional de Educación a Distancia, con CIF Q2818016D, cargo para o que foi nomeada por Resolución reitoral de 20 de decembro de 2022, en nome e representación da mesma, en virtude da delegación de competencias efectuada mediante Resolución Reitoral de 17 de xaneiro de 2023 (BOE de 30 de xaneiro).

Ámbas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

Primeiro.- Ambas partes asinaron o 14 de xaneiro de 2020 o convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Cultura e Turismo (hoxe Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) e a UNED para a realización de prácticas académicas externas do alumnado das titulacións da UNED que figuran no anexo II do convenio nos arquivos e museos da consellería.

Segundo.- No marco do convenio realízanse as prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares, nos arquivos e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo alumnado da UNED das seguintes titulacións:

Grao en Turismo

Grao en Pedagogía

Grao en Pedagogía Social

Grao en Historia da Arte

Grao en Xeografía e Historia

Grao en Antropoloxía Social e Cultural

Máster Universitario en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

Máster Universitario en Innovación e Investigación en Educación

Máster Universitario en Intervención Educativa en Contextos Sociais

Máster Universitario en Tratamento Educativo da Diversidade

Máster Universitario Euro-Latinoamericano en Educación Intercultural.

Terceiro.- A cláusula vixésima do convenio establece que o mesmo terá unha vixencia de catro anos a contar desde a súa sinatura, podendo ser prorrogado de forma expresa de común acordo polas partes, en tanto non se denuncie expresamente cun mínimo de un (1) ano de antelación.



Cuarto.- Considerando que é de interese continuar coa colaboración iniciada no convenio de colaboración mencionado, ambas partes acordan a súa renovación e,

ACORDAN :

PRIMEIRO: subscribir a presente addenda ao convenio de colaboración asinado o 14 de xaneiro de 2020, para modificar a clausula vixésima, que queda redactada do seguinte xeito:

VIXÉSIMA.- Prorrogar o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a UNED para a realización de prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, do alumnado das titulacións da UNED que figuran no anexo II do convenio nos arquivos e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por un novo período de catro (4) anos tras o remate da vixencia do convenio obxecto da presente prórroga.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

SEGUNDO.- O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase á inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

TERCEIRO.- As referencias á extinta Consellería de Cultura e Turismo son substituídas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acordo coa estrutura da Xunta de Galicia fixada no Decreto 58/2022, do 15 maio.

CUARTO.- Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

QUINTO: O resto das cláusulas do convenio asinado o 14 de xaneiro de 2020 non sofren modificacións.

En proba de conformidade, ambas partes asinan a presente addenda no lugar e data da sinatura dixital

O CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
P.D. Orde do 29.07.2022
O Secretario Xeral Técnico

O REITOR DA UNIVERSIDADE NACIONAL DE
EDUCACIÓN Á DISTANCIA
Por delegación do Sr. Reitor
(RR do 17 de xaneiro de 2023, BOE do 30 de
xaneiro)
A Vicerreitora de Calidade e Acreditación

Manuel Vila López

Rebeca de Juan Díaz

